

BASES DE SELECCIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES DO CONCELLO DE VIVEIRO 2025

ARTIGO 1. Obxecto e ámbito de aplicación

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación no PLAN CORRESPONSABLES do Concello de Viveiro, que se desenvolverá para os/as menores do municipio, a través das BOLSAS DE COIDADADO PROFESIONAL en dúas Modalidades:

- Habilitación de servizos de coidado profesional para menores ata 16 anos de idade, que se prestarán no seu domicilio, para familias en situación de vulnerabilidade acreditada polos servizos sociais municipais.

- Habilitación de servizos de coidado profesional para menores ata 16 anos de idade, que se prestarán en dependencias públicas municipais.

O obxectivo deste Plan Corresponsables é facilitar a conciliación das familias con fillas ou fillos menores de 16 anos de idade mediante a creación de bolsas de coidado profesional.

Propónse unha alternativa de ocio saúdnable, fomentando o xogo, o deporte, a expresión artística, así como os valores de convivencia e respecto entre iguais. Promoverase a realización de actividades de carácter lúdico: manualidades, obradoiros de refugallo, xogo cooperativo, actividades deportivas.

No mesmo senso, trátase de favorecer a conciliación familiar durante os meses non lectivos, ofrecendo un recurso axeitado ás familias que por motivos laborais atópanse con dificultades para compaxinar a vida profesional e a crianza dos nenos e nenas.

ARTIGO 2. Persoas destinatarias

O Plan Corresponsable vai adicado a menores ata 16 anos.

ARTIGO 3. Lugar e período de realización

a) Os servizos de coidado profesional no domicilio prestarase desde o 30 de xuño ata o 5 de setembro de 2025.



B) Os servizos de coidado profesional en dependencias públicas (Campamento de verán) desenvolverase no pavillón do CEP Lois Tobío dende o día 30 de xuño ata o 29 de agosto.

O horario será de 8.30 a 14.30 horas, de luns a venres laborables.

ARTIGO 4. Numero de prazas ofertadas

a) Os servizos de coidado profesional no domicilio suporán un total de 60 horas para cubrir necesidades puntuais e extraordinarias que se presenten no período de actuación.

b) O campamento urbano de verán oferta un total de 100 prazas para os nenos e nenas, rapaces e rapazas que cumpran os requisitos de admisión.

No momento da solicitude deberá indicarse o período de participación solicitado:

- 1º Quincena de xullo (Do 30 de xuño ao 15 de xullo incluídos)
- 2º Quincena de xullo (Do 16 de xullo ao 1 de agosto incluídos)
- 1º Quincena de Agosto (Do 4 ao 14 de agosto incluídos)
- 2º Quincena de Agosto (Do 18 ao 29 de agosto incluídos)
- Mes de xullo
- Mes de agosto
- Ambos meses

Resérvanse 8 prazas, por quenda, para nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33%. A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente ou informe acreditativo emitido polo servizo público de saúde. A capacidade de integración e interacción no grupo será manifestada expresamente pola persoa solicitante, de xeito que os/as menores con maiores dificultades de inserción poderán formar parte do grupo específico de atención a menores con n.e.e.

Resérvanse 7 prazas, por quenda, para nenos e nenas pertencentes a familias en situación de vulnerabilidade. Dita situación será acreditada cos informes pertinentes.

De non ser suficientes as prazas reservadas para cubrir a demanda de menores con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade, estas poderían ser ampliadas para cubrir a demanda existente.



No suposto de que as prazas reservadas non se cubran, pasarán a acumularse ao resto de prazas libres.

ARTIGO 5. Prazo de solicitude

A presentación de solicitudes realizarase dende o 30 de maio ao 6 de xuño de 2025, permanecendo aberto de non completarse as prazas/horas dispoñibles.

As solicitudes deberán ser asinadas polo pai, nai ou titor legal do menor e presentaranse preferiblemente por vía electrónica, no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios establecidos no artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ARTIGO 6. Requisitos de participación

a) Para os servizos en domicilio terán carácter prioritario as familias monoparentais, vítimas violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos, e/ou unidades familiares con outras cargas relacionadas cos coidados.

Como criterios de valoración considerárase o nivel de renda e as cargas familiares das persoas que soliciten este servizo, previo informe positivo dos servizos sociais municipais.

b) Para os servizos en dependencias públicas (Campamento de verán) o/ a menor deberá estar empadroado no concello de Viveiro cun mínimo dun ano de antelación á data de comezo do campamento.

Os/as participantes no campamento deberán ter nacido entre os anos 2009 e 2021, ámbolos dous incluídos.

ARTIGO 7. Solicitude e documentación a presentar

- Servizos en domicilio: acreditar a situación en que se base o carácter prioritario sinalado no artigo 6 destas bases, así como a xustificación do seu nivel de renda mediante acreditación de ingresos da unidade familiar.



- Servizos en dependencias públicas (campamento):

- a) Solicitude de participación no campamento de acordo a estas bases.
- b) Fotocopia do DNI/NIE/pasaporte do/a menor
- c) Fotocopia da tarxeta sanitaria
- d) Fotocopia do DNI/NIE/pasaporte do pai/nai/titor legal que asine a solicitude de campamentos
- e) Fotocopia do libro de Familia
- f) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo ou informe do servizo público de saúde.
- g) No caso de pertencer a grupo en situación de vulnerabilidade, informe acreditativo do mesmo
- h) No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- i) Vida laboral dos proxenitores, só no caso de estar en activo no prazo de presentación de instancias ou certificado de realización do curso de formación organizado e xestionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, emitido pola entidade impartidora.
- j) No caso de previsión de contratación durante a quenda solicitada acreditación documental da mesma pola entidade contratante.

ARTIGO 8. Criterios de selección

- Servizos en domicilio. Tendo en conta os requisitos de carácter prioritario, por orde de solicitude do servizo.

- Servizos en dependencias públicas

a) En primeiro lugar seleccionaranse aos nenos e nenas daquelas unidades familiares na que ambos proxenitores, teñan vixente unha relación laboral en activo no período de presentación de instancias e/ou durante a duración do campamento(acreditando documentalmente o compromiso de contratación) e xustificando a posterior a alta efectiva con vida laboral durante período de campamento solicitado. A falta de xustificación da alta efectiva será motivo de baixa inmediata, en todo caso será requisito necesario



contar con alta efectiva no momento da data de inicio na quenda solicitada e na totalidade de duración do mesmo.

O mesmo será aplicable ás persoas proxenitoras/titoras que estén realizando un curso do plan de formación impartido dentro da formación para persoas desempregadas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor durante o período solicitado de campamento.

b) De contar con máis solicitudes que cumpran este criterio que prazas vacantes, entre as mesmas seleccionaranse por sorteo público cúa celebración será anunciada na web e taboleiro municipal e da que resultará una lista de admitidos/as e de agarda.

c) De resultaren prazas vacantes, unha vez adoptado este criterio, seleccionaranse aos menores pertencentes a unha unidade familiar na que un dos proxenitores teña vixente una relación laboral no prazo de presentación de e/ou durante a duración do campamento (acreditando documentalmente o compromiso de contratación) e xustificando a posterior a alta efectiva con vida laboral durante período de campamento solicitado. A falta de xustificación da alta efectiva será motivo de baixa inmediata.

O mesmo será aplicable ás persoas proxenitoras/titoras que estén realizando un curso do plan de formación impartido dentro da formación para persoas desempregadas das distintas administracións públicas.

d) De contar con máis solicitudes que cumpran este criterio que prazas vacantes, entre as mesmas seleccionaranse por sorteo público cúa celebración será anunciada na web e taboleiro municipal e da que resultará una lista de admitidos/as e de agarda.

e) Unha vez cubertas o máximo de 100 prazas ofertadas, o resto de aspirantes pasarán á lista de agarda, aos efectos da cobertura de posibles vacantes, que se realizará mediante 2 chamadas telefónicas ao número que conste na solicitude en horario de 10,00 a 14,00 horas.

f) De non cubrirse as 100 prazas ofertadas no período ordinario de presentación de solicitudes, permanecerá aberto o prazo para novas incorporacións ao longo do desenvolvemento do mesmo.

f) Perderán o seu dereito á praza no campamento no suposto de contar con máis de tres faltas sen xustificar.



A xustificación deberá realizarse ante a empresa encargada do servizo.

ARTIGO 9. Tramitación das solicitudes

A comprobación dos requisitos e do cumprimento dos criterios de selección realizarase pola dependencias correspondentes do concello de Viveiro (CIM, Serv. Sociais e OMIX)

ARTIGO 10. Listado de aspirantes admitidos e excluídos

(Serv. en dependencias públicas)

- a) Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborase unha lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, indicando o motivo da exclusión, que será publicada no taboleiro dixital, dende a que empezará un prazo de 5 días hábiles para a subsanación, no seu caso, do motivo de exclusión.
- b) Finalizado o prazo de subsanación de solicitudes elaborase a lista cos participantes que se incluírán no sorteo, de ser preciso, e do que resultará a lista definitiva de admitidos/as e de agarda.
- c) A data e lugar de realización do sorteo será anunciada no taboleiro dixital e na páxina web do concello.

Alcaldesa de Viveiro
María Carmen Gueimunde González

Documento asinado dixitalmente ao marxe



VIVEIRO CONCILIA

PROGRAMA CORRESPONSABLES

CAMPAMENTO DE VERÁN



DATOS DO/DA MENOR

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacemento:

NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS. DESCRIBIR BREVEMENTE:

Declaro responsablemente que o/a menor ten capacidade de integración no grupo

☐

DATOS DO/DA PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacemento:

Enderezo:

Correo electrónico:

QUENDA DE PREFERENCIA

XULLO

☐

30/06 A 15/07

☐

16/07 A 01/08

☐

MES COMPLETO

AGOSTO

☐

04/08 A 14/08

☐

18/08 A 29/08

☐

MES COMPLETO



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

- Datos do padrón da persoa solicitante(menor)

OPÓÑOME Á CONSULTA

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE

- Fotocopia do DNI/NIE/pasaporte do/a menor
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor
- Fotocopia do DNI/NIE do pai/nai/titor/a legal que asine a solitude
- Fotocopia do libro de familia
- No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo
- No caso de pertencer a un grupo vulnerable, certificado acreditativo do mesmo
- No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- Vida laboral dos pais/titores legais , só no caso de estar de alta, expedida durante o periodo de presentación de instancias ou certificado de realización do curso de formación emitido pola entidade pública impartidora.
- No caso de non ter alta laboral no prazo de presentación de solicitudes, acreditación do compromiso de contratación no periodo/quenda solicitado.

Como representante legal do/a menor arriba indicado/a

SOLICITO a súa inscrición no campamento urbano de verán de Viveiro e a aceptación das bases de selección e regulación do mesmo.

Viveiro, de de 2025

Sinatura do representante legal

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos mesmos, o Concello de Viveiro, con enderezo na Praza Maior, 1 27850 Viveiro, Lugo, como responsable do tratamento dos datos, infórmao ao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranse á base de datos do que é titular o Concello de Viveiro, denominado base de datos "CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN", Vostede poderá exercer, en calquera momento, eus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas coa actividade.

Os datos dos participantes poderán aparecer no listados municipais nos taboleiros de anuncios e na web municipal



AUTORIZACIÓN PARA CAPTACIÓN DE DATOS E IMAXES

Don/Dona _____ con DNI/NIE _____
COMO PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL DO NENO/A:

DECLARA:

1. Que foi informada de que a participación no campamento de verán 2025 poderá comportar a captación de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc (en diante, imaxes) da persoa participante na actividade, e a súa publicación a través dos medios de difusión corporativo das iniciativas e actividades do Concello de Viveiro, tales como páxina web, redes sociais, informes/documentos derivados da actividade e noutros medios de comunicación social.

Para autorizar ou rexeitar a devandita captación e publicación de imaxes, que se entenderá feita a título gratuíto e sen límite temporal, deberá marcar o recadro correspondente:

☐ Si, dou o meu consentimento expreso para que se publiquen imaxes e /ou vídeos nos que poda aparecer o menor ao meu cargo a través das canles mencionadas.

☐ Non dou o meu consentimento expreso para que se publiquen imaxes e /ou vídeos nos que poda aparecer o menor ao meu cargo a través das canles mencionadas.

2. En determinados casos, coa finalidade de poder desenvolver correctamente a actividade na que solicita participar, é preciso que tratemos datos relativos á súa saúde(enfermidades, lesións, medicacións, alerxias alimentarias, trastornos de conduta e/ou discapacidades) ou, no seu caso, á saúde do menor ao seu cargo, polo que, en cumprimento da normativa vixente de protección de datos,necesitamos o seu consentimento explícito e expreso para poder recoller e tratar os seus datos de saúde para a finalidade indicada.

No caso de que, de ser estritamente necesario para o correcto desenvolvemento da actividade, non nos autorice expresamente ao tratamento dos datos relativos á súa saúde ou, no seu caso, á saúde do menor ao seu cargo para a finalidade indicada, o Concello de Viveiro infórmalle que non poderá tramitar a inscrición na actividade solicitada. Por todo iso, solicitámoslle que marque a casa que se axuste aos permisos que quere darnos relativo ao tratamento dos seus datos de saúde.

☐ Si, dou o meu consentimento expreso para que o Concello de Viveiro trate os datos relativos á saúde do/a menor ao meu cargo para o correcto desenvolvemento da actividade na que solicito participar.

☐ Non dou o meu consentimento expreso para que o Concello de Viveiro trate os datos relativos á saúde do/a menor ao meu cargo para o correcto desenvolvemento da actividade na que solicito participar.



PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DO/A MENOR

Don/Dona_____con DNI/NIE_____
COMO PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL DO NENO/A:

Autoriza a recoller ao meu fillo/a ás seguintes persoas que deberán identificarse mostrando o seu documento nacional de identidade. Entregar copia de DNI/NIE á responsable do campamento municipal:

Persoa autorizada	DNI / NIE	Teléfono

En Viveiro, a de de 2025

Sinatura do/a representante legal

Concello de Viveiro infórmalle que en calquera momento vostede poderá proceder a retirar o consentimento facilitado tanto para o tratamento dos datos persoais relacionados coa súa saúde, ou, no seu caso, coa saúde do menor ao seu cargo, así como o consentimento facilitado para a publicación de imaxes e/ou vídeos, mediante comunicación dirixida á dirección arriba indicada, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron dende que se outorgou o consentimento inicial ata que vostede o retire.

